

Pro texta

Coordinación: Rexina Vega e Andrea Á. Pino



CONVERSA CON SUSO DE TORO



Texto **Eduard Velasco**

“O marco desta entrevista é un pouco extraño”, afirma Suso de Toro cando comentamos o obxectivo da conversa. Éo porque pretende reflexionar sobre a recepción de Suso de Toro en Cataluña para unha publicación galega. Unha conversa na que tamén podería participar Teresa Cuns, documentalista de *Un señor elegante* (Xerais, 2020) canda o autor, con quen este desenvolveu a medias o proxecto de investigación e con quen discutiu, durante o ano e medio que durou a creación do libro, sobre a construción dos personaxes e da trama. A novela sairá traducida ao catalán e ao castelán nos próximos meses.

“
A esquerda nacionalista galega asumiu a idea da Galiza creada polo poder español.
”

Ti coñeces Cataluña porque levas moitos anos vindo, tes repercusión mediática e es solicitado. Como cres que se che vai ler aquí?

Esta novela é un exercicio literario particular e distinto do que levo feito, cuns obxectivos moi concretos, mais penso que os compoñentes de memoria histórica que ten poden distorsionar a recepción. Eu espero que no caso de Cataluña, e tamén de España, iso permita que se cuestione a visión da Galiza como un país atrasado culturalmente e conservador por definición.

Cataluña adoita mirar á Galiza desde a superioridade. Non darías por bo que este libro fose lido coma unha reportaxe e que con ela un catalanlector poida descubrir un país? Eu lamento que o esforzo e o pracer literario que ofrece o libro fiquen en segundo plano debido a esa imaxe tan distinta da historia da Galiza, mesmo da Galiza como un país posíbel. Ora ben, recoñezo que quero que este libro funcione así, aínda que espero que se poida valorar que realmente é a crónica do desenvolvemento dun relato no que conto como se fai a construción

literaria duns personaxes a través dunha investigación. É unha novela metaliteraria.

Ti xa foras traducido ao catalán antes de que estoupase o conflito entre Cataluña e España e de que aumentase a túa presenza nos medios cataláns. Notaches diferenza respecto a como eras lido antes? Eu entrei na edición en castelán a través de Barcelona, onde ao comezo fun recibido dunha maneira paternalista. Ténolle censurado esa displancia a un sector da sociedade catalá. Valorábanme o traballo literario aínda que non esperaban un autor moderno ou culto: querían unha literatura antropolóxica, que abundase nos tópicos dun país rural. Os cataláns saben que son unha sociedade máis culta pero ao mesmo tempo están desprovistos de poder fáctico real, e iso conduce a unha situación de impotencia e de minorización, da que queda o reflexo de desprezar. Un editor barcelonés mesmo afirmaba que a literatura galega era un invento de *El País*.

E cal é a túa recepción neste momento? Eu aceptei os meus límites porque xa non vivo da literatura, pero quero que este libro os supere e que teña éxito, que sexa lido tanto na Galiza coma en España, onde teño problemas de recepción. En Cataluña impórtame menos, porque non hai conflito. Os medios de comunicación crearon o odio cara a Cataluña, mais ata hai dez anos na Galiza víase Cataluña cunha certa simpatía desde un complexo de inferioridade, porque había unha base común, que era a cultura de traballo. A miña percepción como intelectual, porén, cambiou a partir do ano 2000, cando entrei a defender o recoñecemento das nacións sen estado e me aliñei con Cataluña, porque recoñezo onde hai dereitos democráticos perseguidos. Hoxe hai simpatía pola figura que se identificou cos cataláns que querían votar.

Estes problemas de recepción tradúcense nun boicot aos teus libros? Ou os libros véndense

pero custa que se comprendan? Os meus libros deixaron de reseñarse a partir do momento no que eu fun antipático para o medio ideolóxico e comunicacional español. O meu nome omitíase nas páxinas de *El País* mesmo publicando eu no propio xornal. E no momento en que Zapatero defende a España plurinacional e eu empezo a participar no debate foi cando pasei a ser un inimigo ideolóxico que tiveron que liquidar.

Fuches castigado, como Ramón Baltar, e quedaches nunha situación estraña: es un autor central na literatura galega e ao tempo tes problemas de difusión. Iso creoume unha situación profesional moi complicada e moi angustiosa. Hai moita xente que mesmo pensa que levaba anos sen sacar ningún libro. Agora acepteino porque cheguei a unha idade e non vou librar batallas perdidas. Eu fora traducido e pensei que podería romper límites, que tería un asentamento internacional, pero xa hai anos que non me editan obras en ningún outro país. Non me importa que me castigaran, o que me importa é esta novela e quero se sexa lida.

E este libro, a nivel colectivo, podería abrir unha crise de identidade na sociedade galega, ao cuestionar a súa relación co poder e co franquismo? Eu espero que na Galiza e en España se decaten de que é unha historia distinta dun país distinto, cunha resistencia armada e política, activa e organizada. O poder español creou a idea da Galiza como un país de persoas pobres, de campesiños e mariñeiros, como unha sociedade dunha soa clase social. Esa idea asumíuna o discurso da esquerda nacionalista galega e é unha equivocación que nos encerra nun fracaso e imposibilita un futuro. Este libro, en cambio, ofrece á sociedade galega a historia dunhas persoas ilustradas, formadas no mundo europeo, políglotas, implicadas no país, optimistas e moi comprometidas ao longo de xeracións. Son burgueses, pero manteñen relacións coa Galiza da xente humilde grazas ao exercicio da medicina e da beneficencia.

Unha historia glamurosa na Compostela do franquismo... Si, porque aparecen bibliotecas,

pianos, automóviles, iates... Tituleino *Un señor elegante* por un aspecto de clase —el era *don Ramón*— e por un criterio de xénero, porque a masculinidade é importante.

Poderíamos relacionar Ramón Baltar e José Luis Rodríguez Zapatero. Por que che interesan as figuras que son capaces de subverter a orde dentro das marxas da corrección social? Ten que ver coa educación que recibiches, que nalgún momento definiches como castrense?

Eu identifiqueime bastante con Ramón Baltar, gustoume moito o seu espírito de independencia e o seu orgullo. De Zapatero non me interesou nin o partido nin as ideas políticas, senón que me admiraron a nobreza e a valentía. A cultura da esquerda fala de actitudes colectivas, pero eu valoro as virtudes no sentido etimolóxico e a forza persoal individual, que é o que ten mérito, porque detrás das ideas se poden agachar todo tipo de vilezas. As persoas así merecennme respecto e iso pode que teña que ver coa miña educación e coa construción da masculinidade na que tamén fun educado. As ideoloxías e os conceptos só existen encarnados en persoas. Con Ramón Baltar aconteceume iso, porque el é claramente un disidente, unha persoa complexa que é, en si mesma, un modelo ético e de fortaleza.

Os Baltar sentíronse reflectidos na caracterización familiar e nos personaxes da novela?

Nos Baltar hai un programa de país, un galeguismo natural. É unha familia que protexe persoas do mundo da cultura e das artes pero que ata agora non tivera un relato porque, a pesar de que sempre mantivo relacións co mundo cultural da Galiza, nunca houbo nela un escritor. Este vai ser, polo tanto, o libro da familia, sobre o que eu sigo discutindo cos fillos, porque algúns non aceptan a historia nin eses personaxes como familiares seus, aínda que o relato é veraz. O máis curioso é que Ramón Baltar non transmitiu nada do seu coñecemento, foi coma se marchase fechando a historia da familia, pero deixou moitos papeis e nunca saberemos se o fixo porque quería que esa historia fose contada algún día. Ás veces penso que construíu unha historia que quizais non é certa.

NARRATIVA

LERMOS SUSO DE TORO EN CATALÁN

por **Eduard Velasco**

Como vai ler un catalanlector as máis de cincocentas páxinas de *Un señor elegante*? Será capaz de asumir a garantida crise de percepción e de pór en cuestión os seus prexuízos?

A dúbida é inmediata: interesa unha historia con tantos referentes da cultura e da política galegas onde raramente se interesaron por esa rexión entrañable? Porque a novela é unha biografía ou unha reportaxe tecida cos mecanismos da ficción na que, arredor de Ramón Baltar, cirurxián santiagués comprometido co país, danzan figuras que son familiares para calquera galegolector mais totalmente alleas ao público non iniciado.

Esa é, cremos, a clave dun dos posibles intereses pola novela: a descuberta da posguerra en Galicia, do exilio galego en América e da resistencia no interior, representada aquí por Ramón Baltar. A revelación dunha constelación de individualidades que termaron dun país nun tempo de traxedia e de supervivencia e que se moven nun romance que é un monumento aos que tentaron salvar os mobles da Galicia devastada, grazas aos que aínda hoxe imos ao rebusco do que foi.

E dicimos novela como poderíamos dicir biografía ou reportaxe biográfica tecida cos mecanismos da ficción: «Porque isto é un romance, unha historia, mais non pode ser unha historia de ficción». Sexa como for, un relato centrado nunha figura sobre a que non é habitual que se dirixa a atención cando se revisan os anos escuros, porque Ramón Baltar non é nin un artista, nin un político nin un escritor, mais tampouco é o protagonista dunha vida humilde e anónima coma as que se adoitan rescatar cando se reivindicar a resistencia e a oposición ao fascismo. Mais é alguén que sufriu boicot e que ten unha obra social descoñecida tamén en Galicia. Un personaxe posto baixo o foco mesmo contra a súa propia von-

tade: «nunca pretenderras ser figura pública, sempre quixeras ficar no avesío».

Con tantas vidas para traer do esquecemento, por que Suso de Toro se aventura a reivindicar un burgués, un profesional liberal rico? Pódese ver relación, se se quere, con *Madeira de Zapatero*, longa conversa cun —para o autor— atravesado entre os seus, coma Baltar, figuras que alteran a orde cunha educación e unhas maneiras tan refinadas que irritan, por distintos motivos, tanto aos da súa condición coma aos máis revolucionarios.

Os catalanlectores, afeitos a unha prensa que segue a ollar a exótica Galicia desde a superioridade, se cadra descubren que alá hai persoas autocentradas que loitan polo seu país, que hai movemento político e intelectual. En resumo, que alguén lea esta novela e poida chegar a dicir «m'agraden els gallecs perquè fan coses» é unha magnífica noticia.

Suso de Toro, escritor galego que asume riscos, que aparece en *prime time* nos programas de máis audiencia das televisións de Cataluña, onde ten decenas de miles de seguidores —foi dos poucos que ergueron a voz en favor dos dereitos civís da cidadanía catalá nos últimos anos— é un gran activo para dar a coñecer Galicia nos Países Cataláns, e temos que celebrar que *Un home elegant* vaia ver a luz nos próximos meses.



Un señor elegante

Suso de Toro
Xerais
Vigo, 2020
544 páxinas